



5ª ACTA DO TRIBUNAL QUE RIXE O PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR CON PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN, DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, NO CONCELLO DE LAXE E CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA.

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS, LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS APROBADAS E LISTAXE DE RESERVA

Na casa do Concello de Laxe (A Coruña), o día 14/06/2021, ás 14.00 h, reúnen as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o Tribunal que avaliará os méritos que acreditaron os/as aspirantes presentados ao concurso-oposición para cubrir con persoal funcionario interino unha praza de técnico de xestión, do Grupo A, Subgrupo A2, escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, neste concello.

O tribunal está integrado polos seguintes membros:

Presidenta: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello

Vogais:

- Julio Torreira López, coordinador-monitor deportivo deste concello.
- José Antonio Esmorís Gómez, bibliotecario-arquiveiro deste concello

Secretaria: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello

Escusa a súa presenza Alejandra Dolores Fandiño Sánchez, secretaria-interventora do Concello de Sobrado.

Unha vez constituído o Tribunal e tendo o quórum necesario procédese co análise das alegacións presentadas.

Publicada con data do 14/05/2021 a cualificación final das persoas aspirantes, a lista provisional de persoas aprobadas e a lista de reserva, dentro do prazo de 3 días hábiles presentáronse as seguintes alegacións/reclamacións:

- David Muñoz Fernández (RE núm. 202199900000432, de 16/05/2021),
- Silvia M^a Pinal Seoane (RE núm. 202199900000437, de 18/05/2021)

Antes de proceder coa revisión, este Tribunal pon de manifesto que as puntuación máximas atribuídas aos casos prácticos foron as seguintes e co desglose que se indica a continuación:

Caso práctico 1	Caso práctico 2	Caso práctico 3	Caso práctico 4	Puntuación total
Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 10 puntos	Máximo 40 puntos

Aclara o Tribunal que, con carácter xeral, nos distintos apartados do segundo exercicio valóranse os coñecementos normativos, xurisprudenciais, doctrinais expostos nas respostas, a motivación das mesmas con fundamentos xurídicos, formación xeral, a claridade e orde de ideas, facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. Non se valorou a mera mención as artigos da normativa, sen máis interpretación.

Alegación de David Muñoz Fernández:

Na alegación presentada solicita a revisión do exercicio correspondente á segunda proba e o seu cotexo coas respostas dalgún dos aspirantes que a teñen superada.

Puntuación outorgada no segundo exercicio a David Muñoz Fernández:



Caso práctico 1	Caso práctico 2	Caso práctico 3	Caso práctico 4	Total
0 puntos	5 puntos	4,5 puntos	0 puntos	9,50 puntos

Revisado o seu exame, o tribunal por unanimidade decide modificar a puntuación do caso práctico 1, incrementándose a súa puntuación en 1,5 puntos.

Polo que a puntuación final do segundo exercicio de David Muñoz Fernández:

Caso práctico 1	Caso práctico 2	Caso práctico 3	Caso práctico 4	Total
1,5 puntos	5 puntos	4,5 puntos	0 puntos	11,00 puntos

Alegación de Silvia M^a Pinal Seoane

Na alegación presentada solicita que se publiquen os enunciados das probas. Pode acceder aos mesmos publicados na páxina web municipal.

Sobre a solicitude de publicar un modelo de respostas aos casos prácticos, que se lle comunique cales foron os erros do seu exame e como se determinou a nota de 19 sobre 40, manifesta este tribunal que ao non tratarse dun exame teórico non existe a pretendida resolución.

A nota inicial de 19 puntos sobre 40 determinouse outorgando a seguinte puntuación nos casos prácticos:

Caso práctico 1	Caso práctico 2	Caso práctico 3	Caso práctico 4	Total
2 puntos	5,5 puntos	6,5 puntos	5 puntos	19 puntos

Con respecto a súa alegación de revisión da nota do seu exame, logo de proceder de novo a lectura do exercicio e ao seu análise, o Tribunal por unanimidade decide modificar a puntuación relativa ao caso práctico 1, incrementándose en 1,5 puntos.

Polo que a puntuación final do segundo exercicio de Silvia M^a Pinal Seoane:

Caso práctico 1	Caso práctico 2	Caso práctico 3	Caso práctico 4	Total
3,5 puntos	5,5 puntos	6,5 puntos	5 puntos	20,5 puntos

Á vista de todo o anterior, o Tribunal estima parcialmente as alegacións presentadas, polo que a cualificación final no segundo exercicio da fase de oposición é a seguinte:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN SEGUNDO EJERCICIO
1	NOELIA AGROMARTÍN VÁZQUEZ	***446***	13,00
2	CLAUDIA ALONSO BLANCO	***181***	16,00
3	NOEMI BRAÑA SEIJO	***737***	24,50
4	DANIEL CANCELA AMIGO	***609***	11,50
5	IVON CARRODEGUAS RODRIGUEZ	***029***	22,00
6	SONIA DIEGUEZ RODRÍGUEZ	***556***	21,50
7	MIGUEL GÓMEZ IGLESIAS	***493***	24,00
8	LUCAS MEDA HERBOJO	***856***	21,00
9	DAVID MÚÑOZ FERNÁNDEZ	***503***	11,00

10	MÓNICA OSINDE VÁZQUEZ	***069***	17,50
11	MARIA DEL PILAR RAMA NUÑEZ	***157***	7,00
12	SILVIA MARÍA PINAL SEOANE	***566***	20,50

Os/As aspirantes que a continuación se relacionan non acadaron no segundo exame a puntuación mínima de 20 puntos, quedando, polo tanto, eliminados deste proceso:

Noelia Agromartín Vázquez
Claudia Alonso Blanco
Daniel Cancela Amigo
David Muñoz Fernández
Mónica Osinde Vázquez
M^a del Pilar Rama Núñez

CUALIFICACIÓN FINAL DAS PERSOAS ASPIRANTES

A cualificación obtida polas persoas aspirantes será a resultante de sumar as puntuacións obtidas na fase de concurso e das puntuacións obtidas na fase de oposición, acadando así a puntuación final total:

Nº	NOME E APELLIDOS	DNI	PUNTUACIÓN N FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO	PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NOEMI BRAÑA SEIJO	***737***	7,00	10,35	24,50	41,85
2	IVON CARRODEGUAS RODRIGUEZ	***029***	3,70	13,20	22,00	38,90
3	SONIA DIEGUEZ RODRÍGUEZ	***556***	0,40	15,75	21,50	37,65
4	MIGUEL GÓMEZ IGLESIAS	***493***	0,50	13,45	24,00	37,95
5	LUCAS MEDA HERBOJO	***856***	0	12,45	21,00	33,45
6	SILVIA M ^a PINAL SEOANE	***566***	0	10,55	20,50	31,05

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS APROBADAS

A aspirante proposta por acadar a maior puntuación neste proceso selectivo é:

NOEMÍ BRAÑA SEIJO, DNI. *737*****

Puntuación total: 41,85

LISTA DEFINITIVA DE RESERVA:

Como resultado da baremación realizada, a lista definitiva de reserva queda constituída como segue:

Nº	NOME E APELLIDOS	DNI	PUNTUACIÓN FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO	PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
1	IVON CARRODEGUAS	***029***	3,70	13,20	22,00	38,90

	RODRIGUEZ					
2	MIGUEL GÓMEZ IGLESIAS	***493***	0,50	13,45	24,00	37,95
3	SONIA DIEGUEZ RODRÍGUEZ	***556***	0,40	15,75	21,50	37,65
4	LUCAS MEDA HERBOJO	***856***	0	12,45	21,00	33,45
5	SILVIA M ^a PINAL SEOANE	***566***	0	10,55	20,50	31,05

Ao abeiro do que dispón a base décima das bases da convocatoria, elévase a lista definitiva de persoas aprobadas ao sr. Alcalde aos efectos de proceder ao nomeamento do/a funcionario/a interino/.

Contra a presente resolución poderase optar por:

A.- Interpoñer, con carácter potestativo, recurso de alzada ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, diante do meso órgano que a ditou, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

B.- Interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, conforme ao establecido nos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto sendo as 15.00 h do día sinalado, dispoñendo a sra. Presidenta que se redacte a presente acta que subscriben tódolos membros do tribunal,

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL

OS VOGAIS

A SECRETARIA DO TRIBUNAL